



A MULLER GALEGA DE PASO POR ITALIA

Luis García del Castillo

Studio Legale Tosato

Carme Lamela Villaravid

Università di Roma “La Sapienza”

Para tódalas mulleres galegas que saíron da súa terra.
E para o Padre Isaac Vázquez Janeiro, in memoriam.

Este estudio ten por obxecto achegarse á tipoloxía de mulleres galegas que estableceron a súa residencia en Italia, centrándose nos motivos desta elección, e en qué maneira esta afecta ó desenvolvemento posterior das súas vidas, e ás súas relacións co seu lugar de orixe.

Un primeiro trazo é a diferenza con outros fluxos migratorios que levou a cabo a comunidade galega ó longo da súa historia. A pesar de que exista un grupo de mulleres que foron a Italia por motivos económicos, e a pesar de que ese grupo ocupa un posto no noso estudio, trátase máis ben da excepción ca da regra.

É difícil proceder a un censo pormenorizado das mulleres galegas en Italia. A primeira observación é a maior concentración desta colonia ó redor da capital italiana. No caso particular de Roma dáse un factor de importancia para nós, a condición de “capital relixiosa”, co que isto implica de proliferación de institucións e congregacións.

Galegas en Italia: as cifras

A Consellería de Emigración da Xunta de Galicia non dispón de datos específicos sobre o caso italiano¹. O estudio que Pilar Cagiao realizou en

¹ Resposta do 16.5.2003 a un correo electrónico enviado polos autores á Consellería de Emigración da Xunta de Galicia solicitando información sobre o tema.

1991 sobre “Muller e emigración” non contén tampouco ningunha referencia a Italia como destino histórico da emigración galega cara a Europa (Cagiao 1991). Signo da pouca importancia cuantitativa que este fenómeno alcanzou.

O Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura contén escasas referencias ó caso da emigración cara a Italia nos anos sesenta e setenta, considerado “sobre todo en relación con outros países europeos (como Alemaña, Francia, Holanda ou Suíza) moi pequeno”, e “en moitas ocasións aparece englobado baixo o termo ‘outros países’ tendo en conta o “escaso volume do caso italiano [que] fai que a penas quede reflectido na produción”².

O volume é efectivamente escaso en relación coas grandes correntes, pero existe, coas súas particularidades e as súas historias. Pódense ofrecer algunhas cifras oficiais.

Desde un punto de vista case antropolóxico, o apelido “Galega” non só existe en Italia, senón que se concentra case exclusivamente en varias localidades da provincia de Padua, onde aparecen ata nove casos. É curioso observar, en cambio, como o apelido “Galego” só se atopa en cinco ocasións, fronte a ningunha do apelido “Galiziano” ou “Galiziana”. Moito máis estendido é o apelido italiano “Galizia”, como se pode ver no cadro axunto³.

REXIÓN ITALIANA	APELIDO “GALEGA”	APELIDO “GALEGO”	APELIDO “GALIZIA”
Trentino - Alto Adixio			2
Sardegna			30
Sicilia			121
Calabria			77
Basilicata			27
Pulla			212
Abruzos			37
Molise			13
Campania			114
Lacio		1	68
Marcas			12
Emilia Romaña			17
Toscana		1	10
Friúl Venecia Xulia			5
Véneto	9		6
Liguria		3	30
Piemonte			94
Umbria			
Val de Aosta			7
Lombardía	1		72

² Resposta de Teresa García Domínguez, documentalista do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, do 13.5.2003, a un correo electrónico enviado polos autores solicitando información sobre o tema.

³ Datos actualizados a 9.5.2003, obtidos da base de datos de “Pagine Bianche”, propiedade da SEAT PAGINE GIALLE (sociedade que xestiona a guía de teléfonos italiana).

Examinando os datos oficiais dispoñibles dos residentes en Italia nados en Galicia, podemos achegarnos moito máis de cerca ó obxecto do noso estudio.

Polo que respecta ó Sur de Italia, o Consulado Xeral de España en Nápoles presenta os seguintes datos⁴. Na súa demarcación consular, que inclúe as rexións italianas de Abruzos, Molise, Basilicata, Campania, Pulla, Calabria e Sicilia, están rexistrados exactamente 1970 cidadáns españois, dos que 140 declaran algunha das provincias galegas como terra mai. E deses 140, 100 son mulleres (o 71,43%) que na súa grande maioría residen no Sur italiano por razón do seu matrimonio con cidadáns italianos. Máis da metade (52) naceron na provincia da Coruña. Das outras, 24 son orixinarias da provincia de Pontevedra, 13 da de Ourense e só 6 naceron en terras lucenses. Proporcións que se manteñen no caso dos homes.

PROVINCIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	25	57	82
Lugo	2	6	8
Ourense	5	13	18
Pontevedra	8	24	32
TOTAL	40	100	140

Pola súa parte, o Consulado Xeral de España en Roma, que cobre as rexións italianas de Lacio, Umbria, Marcas, Sardeña e parte da Toscana (ademais da Cidade do Vaticano, que a tódolos efectos é outro país) ten rexistrados oficialmente 221 galegos na súa xurisdicción, e deles 144 son mulleres⁵. Sen embargo, neste caso hai diferencias co exemplo anterior. A simple vista pódese constatar que a maioría feminina, aínda que subsiste, descende comparativamente ó 65,15%. No caso dos ourensáns, estes incluso exceden en número ás súas paisanas.

Ademais, un número importante das residentes galegas nesta demarcación consular dan como direccións as dalgúns Institutos ou Casas de Congregacións Relixiosas, case sempre na cidade de Roma. Isto, por un lado, insiste na importancia do elemento relixioso na “emigración” a Italia. Por outro, pon de manifesto que na Italia central a porcentaxe das mulleres que veñen a residir por razón do matrimonio cun cidadán italiano é forzosamente inferior (aínda que sempre importante) ó que vimos no caso do Sur.

Se entramos en detalle sobre a procedencia e a residencia, o dato principal é que a maioría das residentes declaran o domicilio en Roma capital (68,75%, porcentaxe que sobe ó 79,16% se consideramos tamén as residentes na provincia de Roma). Por contraste, aquelas que escolleron outro lugar de residencia parecen preferir núcleos menores de poboación.

Pouco antes subliñabamos o caso dos nados na provincia de Ourense. Das 17 mulleres oficialmente residentes na Italia central, só 4 viven fóra de Roma, e 2 delas a poucos quilómetros da Urbe. As outras 2 residen na provincia sarda de Cállari e na lacial de Frosinone.

⁴ Datos obtidos da resposta do 7.5.2003 a un correo electrónico enviado polos autores ó Consulado Xeral de España en Nápoles solicitando información sobre o tema.

⁵ Datos obtidos dunha entrevista no Consulado Xeral de España en Roma o 15.5.2003.

O grupo máis numeroso dos emigrantes galegos nesta zona volve ser o dos coruñeses. 31 homes⁶ fronte ás 68 mulleres. Delas, 47 oficialmente residentes en Roma e 1 na Cidade do Vaticano. Entre as 20 restantes, á parte as 5 que viven na provincia de Roma, poucas escolleron as capitais de provincia: 4 declaran residir en Florencia, 2 en Peruxia, 1 en Prato e 1 en Urbino. 2 máis establecéronse en Sardeña, nas provincias de Oristano e Cállari. Outras 2 na provincia de Macerata, e as 3 restantes, respectivamente, en localidades das provincias de Florencia, Urbino e Peruxia.

Por contraste, de Lugo chegaron só 4 homes e 9 mulleres. E soamente 1 delas buscou casa lonxe de Roma, na provincia de Luca.

Finalmente, encontramos 23 pontevedreses varóns e 50 mulleres. En Roma viven 31 delas, e outras 6 na provincia. Só 4 das restantes viven en capitais (3 en Florencia e 1 en Cállari). O resto repártense por localidades de Florencia (3), Frosinone (2), e Pistoia, Siena, Latina e Peruxia (1).

PROVINCIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	31	68	99
Lugo	4	9	13
Ourense	19	17	36
Pontevedra	23	50	73
TOTAL	77	144	221

Polo que respecta ó Consulado Xeral de España en Xénova⁷ (con xurisdición sobre parte da Toscana, Liguria, Piemonte e Val de Aosta), nos seus rexistros aparecen só 68 galegos, 47 dos cales son mulleres. Maioría feminina dunha porcentaxe do 69,11%, cunha relación que oscila entre a ampla superioridade das nadas na provincia de Pontevedra (15 mulleres fronte a 1 só home) e o caso excepcional de Lugo, con 3 homes por ningunha muller. Soamente 2 residentes superan os 60 anos: un coruñés (rexistrado como o único “xubilado” galego oficial na zona) e un lucense.

A diferenza máis clara co caso da Italia Central é que o factor “relixioso” desaparece case completamente. Só un dos residentes, un coruñés, defínese como tal. E se queremos profundar nos motivos da estancia, encontramos algúns datos interesantes.

Aqueles que declaran “casados/as” como o propio estado civil son maioría en tódolos casos. 23 coruñeses (ós que hai que engadir 3 divorciados/as), 11 pontevedreses, 5 ourensáns (máis un divorciado/a en ámbolos dous casos) e os 3 lucenses varóns.

Son tamén maioría os que declaran “traballo” como o motivo da súa residencia na Italia do noroeste: 24 dos nados na provincia da Coruña, 10 na de Pontevedra, 4 na de Ourense e os 3 lucenses. Como “estudiante” só hai rexistrados 1 coruñés e 2 ourensáns. E, achegándonos máis ó obxecto do traballo, 10 das coruñesas residentes declaran ser “amas de casa”, fronte a 6 pontevedresas e 4 ourensás.

⁶ Entre eles, sirva como curiosidade, hai un coruñés rexistrado como residente en Albania, fóra de Italia pero dentro da demarcación diplomática do Consulado de Roma.

⁷ Resposta do 4.6.2003 a un fax enviado polos autores ó Consulado Xeral de España en Xénova solicitando información sobre o tema.

PROVINCIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	13	24	37
Lugo	3	0	3
Ourense	2	8	10
Pontevedra	1	15	16
TOTAL	19	47	68

Pola contra, o Cónsul Xeral de España en Milán (que cobre as rexións de Lombardía, Emilia Romagna, Trentino Alto Adixio, Véneto e Friúl Venecia Xulia) respondeulles ós autores que “este Consulado General no tiene datos disponibles sobre el tema de su interés”⁸.

Os Consulados Honorarios de España en Boloña, Florencia, Livorno e Turín manifestan non posuír datos sobre a materia, mentres que os demais consulados honorarios de España en Italia (Novara, Venecia, Rávena, Verona, Trieste, Pescara, Bari, Catanzaro, Palermo, Siracusa, Mesina, Alghero, Cállari e Peruxia) non responderon á demanda de información dos autores.

Non obstante, cos datos á nosa disposición podemos afirmar que fóra das grandes concentracións xeográficas, galegos (ou mellor dito, galegas), poden atoparse en calquera parte. Incluso en mínimos centros de poboación, pouco significativos.

A escaseza de institucións que poidan servir de aglutinante a esta colonia é un obstáculo ulterior para o seu estudo. Chama a atención o feito de que, se ben en Italia existe unha estrutura de Estudos Galegos, vencellados á lírica medieval e ó Camiño de Santiago, con Roma e Peruxia como puntos fortes, en cambio a patria da latinidade carece por completo de Asociacións que puideran agrupar ó seu redor os galegos residentes. Ningunha das máis de 400 institucións deste tipo que se atopan repartidas polo mundo, segundo os datos recompilados por *Galicia 2001* (VV. AA. 2001: 462-463), teñen a súa sede no país transalpino, e os Consulados Xerais de Xénova e Roma reiteran esta circunstancia. Ata o momento, os intentos de constituír asociacións neste sentido non deron froitos, nin sequera tomando como base algúns grupos xa existentes (como é o caso da Asociación de españois residentes en Roma⁹) que teñen vocación de reunir á colonia española en Italia no seu conxunto.

O que nos leva a diferenciar outro trazo deste grupo é precisamente a falta de apoio institucional en defensa da súa identidade. As iniciativas que reúnen ós galegos e galegas en Italia (que existen) son case sempre privadas e limitadas ós coñecidos dunha zona ou dun ámbito profesional, como no caso das relixiosas, e algunhas veces non se reúnen se non é diluíndose na máis ampla colonia española. Abonde dicir que, soamente en Roma, os españois forman o grupo de estranxeiros “censados” máis numeroso, só por detrás dos norteamericanos.

De feito, o Censo de Residentes Ausentes sinalaba, a data 1 de febreiro de 2003, a cifra de 11.493 cidadáns españois oficialmente residentes en

⁸ Resposta do 22.5.2003 a un fax enviado polos autores ó Consulado Xeral de España en Milán solicitando información sobre o tema.

⁹ Asociación de españois residentes en Roma “La casa de los españoles: Príncipe Felipe”, constituída en 1999.

Italia¹⁰, aínda que a nómina de galegos entre eles non sexa considerada como relevante polas estatísticas.

Isto non significa que non haxa conciencia de galegitude en Italia, ou que tal conciencia se perdera. En xeral, ó galego en Italia poderíasele moitas veces cualificar de “crente, pero non practicante” aínda que exerce de tal en canto ten oportunidade. O que como se viu, non sempre sucede.

Vexamos as motivacións que están detrás das cifras oficiais.

Mulleres galegas establecidas en Italia por causas laborais

Como adiantabamos, este é un suposto cuantitativamente minoritario, e por iso, pon de manifesto a diferenza esencial do caso italiano, porque Italia non é un destino típico da emigración galega. Segundo a clasificación que fai María Xosé Rodríguez Galgo no seu relatorio sobre o Arquivo da Emigración Galega (Rodríguez 2000: 667-687), Italia estaría encadrada no terceiro ciclo da emigración, o continental ou europeo, pero só debido á súa condición xeográfica, xa que o caso italiano, como se verá, dista moito dos exemplos clásicos de Alemaña, Francia ou Suíza, e tampouco se pode considerar estrictamente encadrado nas marxes temporais que van desde principios dos anos cincuenta ata mediados dos setenta.

En efecto, só unha mínima parte dos residentes galegos en Italia poden considerarse como fillos da terceira ondada migratoria. Italia non será un destino masivo, xa que o país transalpino afronta naqueles anos unha parte do seu propio fluxo migratorio cara ó exterior, cara a terras que, exactamente igual ca lles sucede ós galegos, prometen maiores oportunidades de traballo e posibilidades de agregarse a unha colonia de connaturais en formación.

No Consulado Xeral de Roma subliñan que o grupo do “servicio doméstico”, o caso máis relevante de traballadoras españolas (e galegas) que podía encontrarse ata hai algúns anos, está en franco e rápido declive. É o caso da viguesa María del Carmen, que superou cumpridamente os corenta anos de estadía en Roma, dos cales unha gran parte dedicada a exercer de ama de chaves (*governanta*) dunha familia do selecto barrio de Parioli. Ou moito máis modernamente o de Mónica, quen no seu traxecto laboral desde o Cambados natal tamén contou cunha etapa romana, como doncela dun famoso hotel de luxo.

Polo xeral, a tendencia dos últimos anos do século XX é a de casos individuais e variados que non chegan a constituír unha corrente. Pola contra, entre as mulleres que deciden establecerse en Italia por motivos profesionais abundan as que se identifican como “persoal cualificado”.

Pode ser o caso da compostelá Silvia Manteiga quen, despois da súa experiencia como concelleira de Xuventude e Cultura, se deixou tentar pola aventura italiana, establecéndose en Roma desde 1993. Durante dous anos ocupou o cargo de Xestor Cultural do Instituto Cervantes, pasando despois á Oficina para Italia do Parlamento Europeo, centrándose posteriormente nas propias experiencias artísticas, relacionadas coa arte dixital e electrónica e a cinematografía.

¹⁰ Resposta do 16.5.2003 a un correo electrónico enviado polos autores á Consellería de Emigración da Xunta de Galicia solicitando información sobre o tema.

A ourensá María Signo é a correspondente de *La Región Internacional*, único medio de prensa galega acreditado en Roma (despois do peche da correspondencia de Radio Voz en 1999) e tamén exerce como profesora de español. María foi unha das impulsoras do intento de agrupación dos galegos nestes últimos anos en Roma.

Caso particular constitúeno as que acoden a Italia para perfeccionar os seus estudos, sen prexuízo de que unha estada por motivos estritamente profesionais poida incluír complicacións sentimentais. Algunhas destas estudantes pensan fixar o seu domicilio en terras italianas; este é o caso de Nuria, que desde Vigo se desprazou para estudar primeiro a Boloña e despois a Milán, onde está a punto de casar cun siciliano.

Como bolseira da Academia Española de Bellas Artes de Roma temos este ano unha galega, a violinista Raquel Rivera, natural de Ourense, chegada a Roma para perfeccionar os seus estudos e que xa anunciou algúns concertos na Cidade Eterna. Na Academia contou co apoio da súa paisana María Jesús, empregada desta institución. O Pontificio Instituto Santa Cruz, xunto á centralísima Piazza Navona de Roma, acolle periodicamente a varias galegas para doutorarse en Filosofía.

Por último, é interesante notar como, estatisticamente falando, nun grupo tan “perecedoiro”, aínda que renovable, como o da colonia de estudantes “Erasmus” en Italia, de entre os procedentes de Galicia, as mulleres tamén son neta maioría, como os autores deste estudio puideron constatar nos últimos cinco anos.

Mulleres galegas establecidas en Italia por vinculación familiar

Italia e Galicia poderán sen embargo chegar a encontrarse sobre o marco da emigración en sentido estrito; incluso lonxe de ámbalas dúas terras. Un tipo moito máis frecuente do que parecería é o de mulleres galegas que se instalan en Italia da man dun home, case sempre mediante o matrimonio. Neste grupo pódese facer unha subdivisión nítida:

a) Mulleres galegas que fundan una familia en Italia

O caso das galegas que coñecen a un italiano a través dunha relación non profesional. É máis frecuente que o primeiro contacto se dea en terras italianas. Xa de por si é un exemplo que denota un certo “status” social e cultural, que acaba desembocando no matrimonio e na vocación á familia estable, polo que se integran socialmente de maneira rápida. Incluso non é estraño que en Italia intenten proseguir unha actividade profesional que iniciaron con anterioridade ó seu enlace. Trátase dun tipo que, de constituír un fenómeno pouco menos que anecdótico, está pasando nos últimos anos a ter un certo peso no universo do noso estudio.

“¡O amor!”. Iso é o que responde abertamente Maika cando se lle pregunta qué lle fixo abandonar a súa Coruña natal hai oito anos. Coñeceu ó que hoxe é o seu marido en Galicia e decidiron fixar vida e residencia nos arredores de Roma. O que supuxo para ela abandonar unha sólida carreira profesional

no mundo do Dereito, que só de forma esporádica retoma en terras italianas. “E é que sempre son as mulleres as que se desprazan definitivamente. Os homes, nunca”.

Maika relaciónase illadamente co resto da colonia galega, que só identifica a través dalgúns dos seus compoñentes. Tivo a oportunidade de constatar que a tan proclamada igualdade, ou polo menos equivalencia de carácter do ser italiano cos habitantes da Península Ibérica, ten máis de tópicos ca de realidade. “Pénsase que existe similitude, pero despois non hai tanta. O italiano é moito máis formalista”. Sobre o eterno tema do regreso, mantén as portas abertas “Sempre penso que antes ou despois volverei. Quizais cando nos xubilemos faremos outra casa en Galicia...” ¿E a morriña? “Existe, claro que existe”¹¹.

Eugenia leva xa máis de vinte anos en Roma, cidade na que casou cun dependente da Embaixada; modista e cociñeira, recorda o Restaurante Tixoco onde en 1993 e 1994 se reunía con galegos e españois e lle servía de punto de referencia. Eugenia foi unha das primeiras galegas que contactou con nós hai case cinco anos e desde aquela participa en tódalas iniciativas, conservando vivo o uso da lingua.

b) Mulleres galegas que se establecen en Italia como parte dun núcleo familiar xa formado e asentado

Este subtipo é moito máis significativo, e ata certo punto, máis representativo. Supón ademais un enlace co primeiro bloque. Trátase das mulleres que emigraron a un terceiro país (maioritariamente, de Europa Central ou América Latina) por motivos laborais. Alí coñeceron a un italiano, fóra da súa terra polas mesmas causas. E deste modo, en campo neutral, produciuse un achegamento, case unha identidade, entre dúas culturas emparentadas e entre tradicións de emigración non moi distantes entre si.

O significativo é que unha vez formada a familia, ou ás veces, coa escusa de asentala, a nova parella regresa ó país “del” (o caso oposto é, insistimos, moi pouco frecuente), co que a muller debe facer un esforzo dobre para establecerse nunha cultura allea por segunda vez. E nesta ocasión, cun matrimonio, que supón un compromiso de estabilidade, en principio vitalicio.

Quizais o exemplo máis evidente deste tipo detállao Luís Menéndez no libro *Toda a terra é dos homes* cando fai un repaso á biografía de Aurora Cerdeira Nogueira (Menéndez 1993: 166-169), quen ós vinte anos se marchou de Irixe (Ourense) para ir traballar a Caracas. Alí encontrou ó siciliano Pietro Aloisi, quen tamén saíra da súa patria en busca de fortuna. Casaron en Venezuela, e alí prosperaron o suficiente como para regresar á vila natal do marido, Mineo (Catania). Aurora integrouse rapidamente na vida do lugar e presentouse candidata ó Concello por Democracia Cristiana. Do arraigamento que Aurora conseguiu, dá idea o feito de que foi a concelleira máis votada, desempeñando así durante algúns anos o cargo de concelleira de Asuntos Sociais e Ensino.

Aínda que tamén pode darse o caso de que a nova parella decida establecerse nun núcleo urbano de maior entidade, co que o suposto de “dobre

¹¹ Conversa mantida en Roma con Maika o 28.4.2003.

emigración” esténdese tamén ó marido. Así lle aconteceu á ourensá Marisa, quen marchou a Suíza onde estivo varios anos e encontrou ó siciliano Pietro. Casaron e en 1968 estableceron a súa residencia en Roma, lonxe das dúas terras natais. E na Urbe viron nacer os seus fillos e netos. O soño de Marisa foi durante moito tempo o de volver a Galicia (“teño moita morriña¹²”) pero agora pensa que a súa familia está tamén en Italia, e polo tanto o regreso sería soamente por un período de tempo. Sen embargo, non perdeu o uso da lingua, e veranea en Galicia coa súa familia sempre que pode.

De calquera maneira, as galegas establecidas en Italia por motivos de vinculación familiar deciden quedarse definitivamente no país, o que supón apoiarse nun home e na súa familia, para fundar a propia, co que isto comporta de perda de identidade. Se a manteñen, trátase dun esforzo que realizan practicamente soas, xa que é infrecuente que poidan contactar con outras galegas na súa mesma situación. Como xa temos dito, en Italia non existe unha infraestrutura de reunión ou apoio ós galegos que se establecen no país, se exceptuamos o Centro de Estudos Galegos de Roma, dirixido polo Profesor Giuseppe Tavani, onde desde hai cinco anos se vén desenvolvendo unha tarefa do máis variada, desde o labor puramente didáctico ata o servizo bibliotecario ou mesmo de información inmobiliaria; ou os Centros de Estudos Galegos de Padua e Peruxia. Fóra disto, o esforzo por conservar unha identidade galega quedaba confiado ata hai uns anos case por enteiro ós imprecisos vencellos da correspondencia, e ós máis concretos pero esporádicos das viaxes. Agora gracias á tecnoloxía son moitos os que escoitan a Radio Galega ou ven a Televisión de Galicia ou poden ler os nosos xornais gracias a internet.

O caso particular da colonia relixiosa

Un tipo moi definido, limitado pero significativo, que se concentra case exclusivamente en Roma, nas proximidades da Curia Vaticana. O seu caso podería, en efecto, quedar encadrado no máis amplo conxunto de mulleres desprazadas a Italia por motivos laborais ou profesionais. Sen embargo, este tipo de “traballadoras” ten unha serie de características peculiares que o fan merecedor dun estudio á parte.

En primeiro lugar, raras veces lles corresponde a elas a decisión de establecerse en Italia, senón que a súa motivación obedece a “razóns de servizo”. Todo o máis, a conveniencias por motivos de estudio. E igual que a súa chegada non dependeu delas, tamén sucede o mesmo coa duración da súa estadía ou a súa marcha, xa que salvo casos moi puntuais, Italia non será a súa patria definitiva.

En segundo, pola mesma razón indicada, poden ser as que, paradoxalmente, teñan máis posibilidades de xuntarse como grupo, ou polo menos, de manter relacións entre galegos/as. A súa mesma dependencia da Igrexa como institución ábreles as portas a un gran número de contactos, empezando pola mesma residencia, e non só dentro da súa congregación, instituto relixioso ou

¹² Conversa mantida en Roma con Marisa o 29.4.2003.

¹³ Conversa mantida en Roma con Sor Luz o 3.5.2003.

destino concreto. Oportunidade, que non significa necesariamente que se leve a cabo.

Coas súas raíces galegas manteñen un variado arco de relacións, desde a “militancia” ata o esquecemento. Xeralmente, a media de idade é bastante avanzada, e salvo excepcións, concéntranse en Roma.

Sor Luz ve Galicia cos ollos do recordo desde a casa das Dominicanas Misioneirias dos arredores de Roma onde reside. Con 80 anos cumpridos vive en Roma desde hai 32. Non ten compañeiras galegas e perdeu case por completo o uso da lingua galega, pero conserva plenamente a conciencia das súas orixes: “¡El gallego es importante!”¹³. Foi unha das primeiras que respondeu á chamada que se fixo a través do Consulado. A raíz disto tomou contacto con algúns membros da colonia galega en Roma e doou material ó fondo do Centro de Estudios Galegos.

Sor Isaura e Sor Esperanza, ourensás da orde do Divino Maestro, tampouco esquecen Galicia, celebrando na súa congregación días tan sinalados como a Santa Cruz, festa dos maios en Ourense, San Martiño e o magosto ou o Día de Galicia, ademais de participar en tódalas iniciativas levadas a cabo desde o Centro de Estudios Galegos de Roma.

Aínda que xa estea xubilada, a madre Concepción, carmelita de Ourense, continúa as súas investigacións no Arquivo Vaticano, onde comezou nos anos setenta; foi a primeira monxa no Arquivo Secreto Vaticano, onde traballou desde 1973 a 1997. En cambio, Sor Aurea, monxa Terciaria Franciscana nacida en Redondela traballa aínda detrás dos muros Vaticanos, no Laboratorio degli Arazzi, que ten por obxecto principal a restauración dos centenarios tapices da Santa Sede. Incluso no recuncho máis reservado da Cidade do Vaticano, no pequeno convento de clausura no que se alternan relixiosas de tódalas ordes, na máis grande discreción e a intervalos regulares, hai actualmente unha carmelita coruñesa.

Final

Hai case cinco anos, cando comezou o lectorado de galego na Universidade de Roma “La Sapienza”, empezamos a buscar centros ou asociacións de galegos. Ante a ausencia destes, xunto cun grupo de amigos, escribimos ó Consulado de Roma. Este ofreceuse como intermediario entre nós e os galegos censados. A partir daquel momento algúns dos galegos residentes en Roma, Peruxia ou Florencia, puxéronse en contacto con nós. A outros coñeceríamolos de casualidade. Desde ese encontro empezaron galegos e galegas a asistir ós actos organizados polo Centro de Estudios Galegos de Roma: conferencias, cine, concertos, festas ou celebracións das Letras Galegas; ó mesmo comezaron a usar a biblioteca do Centro, boa parte doada polo profesor Tavani. Tamén naqueles anos nos puxemos en contacto con distintas institucións (Instituto Cervantes, Asociación de españois en Roma...) para ver de conseguir unha sede onde poder reunirnos. Outra posibilidade era a Igrexa, e foi esta quen prestou axuda esporádica para concertos ou

¹³ Conversa mantida en Roma con Sor Luz o 3.5.2003.

celebracións relixiosas.

Sabemos que non existen asociacións de galegos en ningún punto de Italia, se ben funcionan tamén os Centros de Estudos Galegos en Padua e Peruxia, como xa dixemos, e o Centro Italiano de Estudos Composteláns¹⁴ en Peruxia.

Sabemos tamén que galegas e galegos en Italia, hainos, que deles nunca desapareceu a morriña, e que desexan estar en contacto coa terra galega.

Bibliografía citada

CAGIAO VILA, Pilar. *Muller e emigración*. Santiago: Xunta de Galicia, 1991.

MENÉNDEZ, Luís. *Toda a terra é dos Homes*. Vigo: Galaxia, 1993.

RODRÍGUEZ GALGO, María Xosé *et al.* “O Arquivo da Emigración Galega e a recuperación na memoria histórica dos galegos no exterior: balance de actividades es prospectiva”. *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Un século de Estudos Galegos. Galicia fora de Galicia*. Ed. de Dieter Kremer. Sada: Edicións do Castro / Galizien-Zentrum der Universität Trier, 2000. 667-687

SEAT PAGINE GIALLE. *Pagine Bianche*. Roma: 2003

VV. AA. *Galicia 2001*. Santiago: Xunta de Galicia, 2001.

Información remitida polas seguintes institucións:

Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega.

Consellería da Emigración da Xunta de Galicia.

Consulados Xerais de España en Roma, Xénova, Nápoles e Milán.

Consulados Honorarios de España en Boloña, Florencia, Livorno e Turín.

Entrevistas mantidas con galegos e galegas en Italia durante o período 1998-2003.

García del Castillo, Luis e Lamela Villaravid, Carme. “A muller galega de paso por Italia”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

¹⁴ Creado en 1982 polo profesor Paolo Caucci von Saucken, estudioso e difusor do feito xacobeo e do Camiño de Santiago. Existen tamén en Italia a *Associazione Lombarda Studi Jacopei per il ripristino degli itinerari Compostelani* en Milán e a *Associazione Amici del Camino di Santiago / Piemonte* en Saluzzo, Cuneo.

